

“FONTE DE O2” /

FONTE DE OSÍXENO:

Fonte de osíxeno. O O₂ almacénase comprimido, de xeito que caiba a maior cantidade posible nos recipientes. A presión de almacenamento ten que ser diminuída antes de administralo, xa que de non ser así danaría o aparello respiratorio ⁸. Nos hospitais, a fonte de osíxeno é unha central de O₂, onde o gas se atopa nun depósito central (tanque) localizado fóra da edificación. Desde o tanque parte un sistema de tubaxe que leva o O₂ ata as diferentes dependencias.

As bombonas de O₂ son grandes cilindros que conteñen O₂ comprimido e continúan sendo un método moi usado. Ao ser moi voluminosas, impiden a autonomía do paciente polo seu elevado peso e o seu uso debería estar restrinxido a situacións de transporte ou de rescate de seguridade cando poida quedar sen subministración. O concentrador de O₂ componse dun compresor eléctrico que fai pasar o aire ambiente a través dun filtro que retén o nitróxeno e proporciona unha concentración de O₂ superior ao 90 %. Ten a gran vantaxe de que non require substitución, xa que a duración é indefinida malia as avarías.

As mochilas de O₂ líquido, baseado en que o O₂ líquido a temperaturas moi baixas ocupa menor volume, permiten a mobilidade do doente. Este debe encher ou cargar a mochila nun tanque que enche periodicamente o distribuidor de osíxeno. Existen mochilas máis pequenas e de baixo peso (2 kg) axeitadas para nenos.



De aparición máis recente son os concentradores de osíxeno portátil que teñen menor tamaño e peso ca os domiciliarios e, polo tanto, pódense usar para camiñar fóra da casa, aínda que con limitación temporal, xa que utilizan baterías recargables.

MANÓMETRO E MANORREDUCTOR:

Co manómetro pódese medir a presión á que se atopa o osíxeno, que se indica mediante unha agulla sobre unha escala graduada. Co manorreductor regúlase a presión coa que sae o O₂ do cilindro. Nos hospitais, o O₂ xa chega á toma de O₂ coa presión diminuída, polo que non son necesarios ⁸.

CUADALÍMETRO:

Dispositivo que se axusta ao manorreductor ou directamente á toma de O₂ da parede no caso dos hospitais e que permite controlar o fluxo de O₂. Este pode vir indicado por unha agulla sobre escala graduada ou por unha boliña que sobe ou baixa por un cilindro con escala graduadaa **8**.

